

SEMINARIO DE RELIXIÓN

C. P. J. Xanceda

Proxecto didáctico

ESO

Curso 2017-2018

ÍNDICE:

	<u>Páx.</u>
1) Membros do seminario.....	4
2) Ensinanza da Relixión.....	5
3) Características do desenrolo curricular da área de Relixión.....	6
4) Obxectivos xerais da área de Relixión Católica.....	7
4.1) Educación secundaria obrigatoria.....	7
5) Grao mínimo de consecución.....	9
5.1) 1º ESO.....	9
5.2) 2º ESO.....	11
5.3) 3º ESO.....	14
5.4) 4º ESO.....	16
6) Desenrolo das competencias básicas.....	18
6.1) 1º ESO.....	22
6.2) 2º ESO.....	30
6.3) 3º ESO.....	39
6.4) 4º ESO.....	48
7) Contidos.....	57
7.1) 1º ESO.....	57
7.2) 2º ESO.....	59
7.3) 3º ESO.....	60
7.4) 4º ESO.....	62
8) Temporalización.....	64
9) Metodoloxía.....	64
10) Ferramentas para a reflexión e avaliación da práctica docente.....	66
11) Material Empregado.....	71
11.1) TICS.....	72
11.2) Plan Lector.....	73

12) Avaliación.....	75
12.1) Avaliación inicial na ESO.....	76
12.2) Criterios de avaliación.....	77
12.2.1) 1º ESO.....	77
12.2.2) 2º ESO.....	78
12.2.3) 3º ESO	79
12.2.4) 4º ESO.....	81
13) Alumnos pendentos.....	83
13.1) ESO.....	83
14) Plan de convivencia.....	83
15) Actividades extraescolares.....	84
16) Avaliación da programación	85
17)ANEXO PROGRAMACIÓN (criterios de cualificación).....	89

SEMINARIO DE RELIXIÓN: PROGRAMACIÓN

1) MEMBROS DO SEMINARIO

Este Seminario está formado por unha profesora, nomeada pola Administración a proposta do Ordinario da Diocese, tal e como se contemplan estes nomeamentos na lexislación vixente, atendendo desta maneira ás necesidades docentes deste centro na área de Relixión Católica en ESO.

A profesora do seminario é:

DONA. M^a JOSÉ MAROÑO OTERO, coa titulación académica para impartir a área de Relixión, dedicación especial docente e que comparte centro co IES nº 1 de Ordes.

Este Seminario está situado nun local do primeiro piso, compartido co Departamento de Física e Química, Tecnoloxía, Educación Física e Bioloxía.

2) ENSIANZA DA RELIXIÓN

A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo á razóns profundas da institución escolar e á dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no cal se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais.

A Lei Orgánica da Mellora da Calidade da Educación (LOMCE) ten en conta, na Disposición Adicional Segunda, o dereito dos pais á formación relixiosa e moral dos seus fillos, segundo as súas convicións, establecendo que a ensinanza da relixión incluírase como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

Os Decretos de Ensinanzas Mínimas desenrolan dita Disposición Adicional Segunda en canto a súa presenza curricular e condicións académicas, aplicando a exclusiva competencia da xerarquía eclesiástica para determinar o currículo propio da ensinanza relixiosa católica neste caso.

Neste marco, a ensinanza da relixión e moral católica preséntase como opción libre para o alumnado e obrigatoria para os centros.

A ensinanza relixiosa contribúe á calidade da educación dende a proposta e desenrolo duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu propio currículo. Faino desenrolando especialmente a capacidade transcendente do alumnado, facilitándolle unha proposta de sentido último para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

Non podería existir unha formación integral, e polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenrolan todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa a capacidade transcendente. Esta capacidade básica do individuo, adquire o seu auténtico cumprimento na busca de sentido último da vida.

Enraizada no máis profundo do ser, o alumnado vai descubrindo (tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios de cada idade) nos símbolos e signos do seu entorno, no progreso e humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

O currículo da ensinanza da relixión católica é unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada á idade do alumnado, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais do entorno e ás demandas didácticas do sistema educativo. Xunto con outras opcións da área de relixión, enmárcase nun contexto histórico e social, inclúe parte do gran acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita a análise comparada dos contidos e liñas básicas das grandes relixións vixentes.

Considérase como obxectivo fundamental da clase de Relixión o desenvolvemento integral da persoa, tendo en conta a incidencia na vida dos temas relixiosos. E para que isto sexa

eficaz, nunca se poñen límites a actitude crítica dos alumnos, antes ben ábrenselles as canles para clarificar as súas dúbidas e prexuizos que limitan normalmente, en tópicos. Axudar aos adolescentes a ir descubrindo sen escándalos as obxeccións que se debe afrontar nun mundo pluralista, para que a fe, os axude a aportar solucións ós problemas do mundo actual.

Axudar que esa fe sexa mais persoal, que os xoves aprendan a situarse no mundo como crentes, con capacidade de dialogar e manter a súa actitude de crentes.

Isto non é obstáculo para desenrolar o cuestionario establecido e aprobado polo Ministerio de Educación e Cultura e pola Comisión Episcopal de Ensinanza, Xunta de Galicia.

No curso 2017-2018 hai matriculados neste centro na materia de Relixión Católica 63 alumnos/as en Educación Secundaria Obrigatoria.

Defendemos, unhas actitudes dignas e respectuosas, que tanto o profesorado coma a área gocen dun tratamento semellante as demais materias, sen privilexios, pero tamén sen admitir discriminación.

3) CARACTERÍSTICAS DO DESENROLO CURRICULAR DA ÁREA DE RELIXIÓN

1. Exposición integral da mensaxe cristiá dende a fe da propia Igrexa, como un ofrecemento aberto a todos e con un saber razoable.
2. Diálogo aberto, respectuoso e crítico con outros campos do saber.
3. Apertura do alumno a transcendencia e posibilidade de facilitarlle os contidos mais esenciais da fe cristiá, sen reducionismos nin deformacións – de acordo coa xerarquía de verdades e coas posibilidades socioculturais e psicolóxicas do alumno en cada idade e en cada medio humano.
4. Utilización dunha linguaxe básica común, respectuosa co pluralismo para evitar a disociación entre unha linguaxe sacra e unha linguaxe secular simplemente fenomenolóxica.
5. Interdisciplinabilidade, de xeito que a ensinanza da Relixión encaixe ben no marco curricular e nunha globalización da educación.

4) OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA

4.1) EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Ao rematar a Educación Secundaria Obrigatoria preténdese que o alumno sexa capaz de:

- a) Situar-se ante a dignidade da persoa humana pola súa orixe, a súa transcendencia e a súa finalidade, e descubrir os elementos do feito relixioso e as súas diferentes manifestacións na historia e na vida dos pobos, que responde as súas grandes cuestión sobre a existencia.
- b) Analizar os interrogantes profundos do ser humano (vida, morte, dor) para valorar as respostas que a fe cristiá e outras relixións dan sobre o sentido da vida.
- c) Coñecer os documentos fundamentais da fe católica que conteñen a mensaxe cristiá, para comprender e expresar de maneira axeitada esta mensaxe revelada e as súas formulacións de fe.
- d) Saber utilizar a Biblia situándoa na súa orixe, forma e finalidade e interpretación axeitada en relación coa historia e á experiencia relixiosa de Israel e como expresión da revelación de Deus Pai ós homes.
- e) Identificar a Xesucristo como Fillo de Deus encarnado entre os homes mediante o coñecemento e análise da súa mensaxe, vida e presenza do Espírito Santo na Igrexa.
- f) Coñecer e valorar o sentido e finalidade da Igrexa como a realización institucional do servizo de humanización e salvación que Cristo ofrece ao ser humano, e descubrir a súa achega nos feitos máis importantes da historia española e europea.
- g) Interpretar o significado dos signos e símbolos relixiosos máis relevantes, con especial atención aos sacramentos e as celebracións relixiosas máis estendidas no entorno social e relixioso evitando a discriminación por crenzas relixiosas.
- h) Descubrir os fundamentos racionais e da revelación que xustifican a ensinanza moral da Igrexa e orientan os hábitos sociais relacionados coa vida, a saúde, a sexualidade, o amor, o uso e consumo dos bens e o medio ambiente.
- i) Descubrir e analizar o significado co que se ordena a convivencia e as formas de organización social: a tolerancia activa, a solidariedade, liberdade, xustiza, participación, responsabilidade e o diálogo entre as relixións, sinalando a orixe cristiá dos mesmos e aplicándoos ás situación persoais e sociais habituais.
- j) Aprender a ordenar de forma xerárquica os valores, as actitudes e normas que conforman o ser cristián en orde a tomar opcións que poidan dar sentido a súa propia vida.

- k) Aprender a emitir xuízos que desenrolen a formación da conciencia moral, tendo en conta os principais fundamentais da moral cristián, o dereito a liberdade e a responsabilidade, aplicándoos á pluralidade de opcións presentes nos medios de comunicación e nas realidades sociais, económicas e políticas do seu entorno.
- l) Coñecer, valorar e respectar o patrimonio relixioso, artístico e cultural mediante a linguaxe simbólica e icónica da arquitectura, pintura, literatura, música e liturxia, como expresión das grandes etapas da historia da Igrexa e da cultura do seu entorno.

5) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

5.1) PRIMEIRO CURSO DE ESO

UNIDADE	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
1. O home ó encontro de Deus	1.1	Escribir polo menos unha resposta do home crente ante os misterios do mundo nos que recoñece que a vida é dada.	1
	2.1	Avaliar como mínimo un mito, rito, expresión artística ou personaxe no que se manifeste que a realidade é don de Deus.	1
2. E Deus ó encontro do home	1.1	Sinalar como mínimo un exemplo Bíblico no que se aprecie o proxecto amoroso de Deus sobre o home e o mundo.	1
	2.1	Admirar e valorar a narración Bíblica da Creación do mundo.	1
	3.1	Comparar o relato Bíblico da Creación polo menos con outro relato sobre a orixe do mundo ou mito da antigüidade.	1
	4.1	Diferenciar e respectar a explicación científica da orixe do mundo da explicación teolóxica.	1
3. Israel, un pobo con moita historia	1.1	Dibuxar unha liña do tempo sinalando a orixe de Israel como pobo elixido, momentos de esplendor e decadencia, así como un ou dous acontecementos importantes da historia de Israel.	1
	1.2	Sinalar polo menos unha razón pola que se deba coñecer a historia de Israel.	1
	2.1	Analizar polo menos dúas personaxes bíblicas e feitos relacionados coa historia de Israel.	1
	3.1	Buscar un relato Bíblico como mínimo no que Deus aparece como protagonista principal da historia de Israel.	1
	3.2	Poñer un exemplo no que Deus se "revela".	1
4. Noticias de primeira plana: os evanxeos	1.1	Analizar como mínimo un texto evanxélico segundo os criterios de narración estudados.	1
	2.1	Describir a Xesús indicando tres rasgos peculiares da súa persoa.	1
	3.1	Coñecer como foi o proceso formativo dos evanxeos, primeiro tradición oral e logo por escrito.	1
5. Xesús, home e Deus	1.1	Saber distinguir a Xesús na súa natureza divina e humana.	1
	2.1	Sinalar mediante un exemplo dos evanxeos as manifestacións humana e divina de Xesús.	1

	3.1	Saber que Xesús é o Mesías esperado que salva e redime a toda a humanidade.	1
6. Cunha misión	1.1	Sinalar polo menos unha manifestación da natureza humana, e outra divina de Xesús a partir dalgún relato evanxélico.	1
	2.1	Nomear unha persoa, institución...que contribuíra a que se realice o Reino de Deus anunciado por Xesús.	1
7.A iniciación cristiana	1.1	Recoñecer que Xesús está presente na celebración dos sacramentos de iniciación cristiana.	1
	2.1	Respectar a liturxia da Igrexa.	1
	3.1	Recoñecer e respectar a crenza de que o Espírito Santo actúa na Igrexa.	1
	3.2	Saber que os sacramentos de iniciación cristiá correspóndense con distintas etapas da vida humana.	1
	3.3	Apreciar a acción de Espírito Santo para o crecemento da persoa.	1
8.E agora celebrámolo, tamén no servizo e a enfermidade	1.1	Diferenciar o calendario litúrxico do calendario que utilizamos normalmente.	1
	1.2	Recoñecer que Xesús está presente nos sacramentos de sanación e servizo.	1
	2.1	Coñecer o significado dos sacramentos de sanación e servizo.	1
	3.1	Saber que os sacramentos de sanación e servizo correspóndense con distintas etapas da vida humana.	1
9.A familia:O amor que enxendra persoas	1.1	Sinalar polo menos dúas características do matrimonio cristián.	1
	2.1	Esribir dous valores que aporta a familia.	1
	3.1	Identificar algún relato Bíblico relacionado co sacramento do matrimonio sinalando polo menos dúas ensinanzas prácticas.	1

5.2) SEGUNDO CURSO DE ESO

UNIDADE	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
1. As persoas somos libres e intelixentes	1.1	Coñecer a orixe do ser humano en diálogo cas ciencias.	1
	2.1	Recoller dous argumentos que expresen a dignidade do ser humano en relación con outros seres vivos.	1
	3.1	Enumera dous valores e accións do ser humano que respectan ou destruen a creación.	1
	3.2	Busca runha necesidade e unha posible solución, conforme os valores expresados nalgunha obra de misericordia.	1
2. Cara e cruz da persoa: dignidade, pecado e perdón	1.1	Valorar sin distincións a dignidade de todo ser humano.	1
	2.1	Explicar tres actitudes de Xesús con respecto a dignidade das persoas.	1
	3.1	Identificar e explicar, a partir de dous textos bíblicos, os principios e fundamentos do pecado e do perdón.	1
	3.2	Expresar unha opinión e xuízo sobre a propia responsabilidade na ruptura ou reconciliación co proxecto de vida.	1
3. Deus é Pai, Deus é Fillo, Deus é Espírito Santo	1.1	Ler un relato das relixións politeístas en Israel localizando e identificando algún rasgo das súas divinidades.	1
	2.1	Coñecer, enumerar e describir con claridade tres características do Deus cristián.	1
	2.2	Contrastar dúas características das divinidades politeístas coas do Deus cristián.	1
	3.1	Recoñecer como mínimo nunha obra de arte expresións da fe en Deus Trindade.	1
	4.1	Recoñecer e aceptar alguna das consecuencias que ten para a persoa humana o tratar os demais fraternalmente.	1

4. Comprometidos coa palabra de Deus	1.1	Identificar, clasificar e comparar como mínimo dúas características dos libros bíblicos: a Lei e os profetas.	1
	1.2	Amosar interese pola presenza do divino nos textos bíblicos.	1
	2.1	Buscar na <i>DEI VERBUM</i> dous criterios sobre a interpretación da Biblia.	1
	3.1	Coñecer e xustificar a existencia do autor divino e do autor humano na Biblia.	1
5. A Biblia como Palabra de Deus	1.1	Identificar unha característica dos libros dos sabios e poetas da Biblia.	1
	2.1	Buscar dous criterios recollidos na <i>VERBUM DOMINI</i> referidos a importancia da Biblia na vida da Igrexa.	1
	3.1	Elaborar un breve resumo sobre as aportacións dos sabios e poetas de Israel para o coñecemento de Deus.	1
	4.1	Sinalar mediante un exemplo a importancia do Antigo Testamento para coñecer o Novo.	1
6. A experiencia da fe no Antigo Testamento	1.1	Buscar unha personaxe do pobo de Israel e analizar a súa resposta de fe.	1
	2.1	Relacionar a diversidade de vivencias dun personaxe bíblico con algunha das súas vivencias persoais.	1
	3.1	Valorar a resposta de fe dunha personaxe Bíblica ó Deus que se revela nos acontecementos da vida cotiá.	1
7. A fe que nos narra o Novo Testamento	1.1	Buscar unha personaxe significativa das primeiras comunidades cristiás e analizar a súa fe.	1
	2.1	Relacionar a vivencia de fe de María, Pedro, Pablo ou Tomás con algunha das súas vivencias persoais.	1
	3.1	Coñecer e valorar a resposta de fe desas persoas o Deus que se revela na vida diaria.	1
	4.1	Localizar no mapa un ou dous lugares da orixe das primeiras comunidades cristiás.	1
	4.2	Explicar algunha característica dos problemas cos que se enfrentaron as primeiras comunidades cristiás na difusión do cristianismo co mundo pagano.	1

8. Creo en Deus que é Pai, Fillo e Espírito Santo	1.1	Elaborar tres preguntas sobre as cuestións máis difíciles de entender do Credo.	1
	2.1	Expresar o significado dos sacramentos como acción do Espírito para construír a Igrexa.	1
	2.2	Relacionar algunha das verdades de fe formuladas no Credo con documentos da Igrexa primitiva.	1
	3.1	Elaborar un esquema e clasificar as principais verdades de fe contidas no Credo.	1
	3.2	Explicar con claridade o significado dos contidos de fe no Credo: Deus, a Igrexa e a vida eterna	1
9. Unha, Santa, Católica e Apostólica.... Nada menos!	1.1	Descibir e valorar a unidade e santidad da Igrexa.	1
	2.1	Propoñer unha solución ó problema da división das igrexas cristiás.	1
	2.2	Elaborar algún material onde se reflexe a universalidade e apostolicidade da Igrexa.	1
	2.3	Elaborar un proxecto de misión da Igrexa ante as novas necesidades.	1

5.3) TERCEIRO CURSO DE ESO

UNIDADE	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
1.O sentido da vida	1.1	Compartir co grupo polo menos unha situación ou circunstancia na que se recoñece a esixencia humana de felicidade das persoas.	1
	2.1	Deducir a partir dun feito doloroso o razoable da experiencia persoal de apertura á plenitude da vida.	1
	2.2	Seleccionar e comentar como mínimo unha escena de tres películas ou documentais que amosan distintas respostas á búsqueda de sentido da vida.	1
2.O resgo da vida	1.1	Identificar , analizar e comentar polo menos unha situación actual onde se exprese o pecado como rexeitamento de Deus.	1
	2.1	Fixarse na construción literaria do texto sagrado Xn 2-3.	1
	2.2	Escribir polo menos dúas ensinanzas do texto Bíblico.	1
	2.3	Coñecer o sentido relixioso do relato do pecado orixinal e sacar polo menos dúas conclusións prácticas para a vida.	1
	3.1	Expresar polo menos dúas consecuencias que teñan para as persoas, as experiencias de pecado e perdón.	1
3.Ser Cristián ten as súas consecuencias. A moral da persoa	1.1	Explicar polo menos dous principios morais do cristianismo a partir dos textos bíblicos nos que se sustentan.	1
	2.1	Compartir co resto da clase un texto, ou videoclip ou curto para describir as consecuencias que na vida dos cristianos supuxo o encontro con Cristo.	1
4.O proxecto de Xesús da Igrexa	1.1	Recoñecer como mínimo nun texto ou nunha acción da comunidade cristián expresións de fe na divindade de Xesús.	1
	2.1	Buscar, seleccionar e narrar unha biografía dunha persoa convertida ao cristianismo.	1
	2.2	Admirar, respectar e valorar a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo.	1
	3.1	Definir os conceptos: “os Doce”, “comunidades primitivas” e “comunión” para comprender o proxecto da Igrexa.	1
5. A Igrexa: sacramento de salvación	1.1	Buscar a experiencia dunha persoa que atopou a Cristo gracias á Igrexa.	1
	2.1	Xustificar a relación que existe entre dúas accións que realizan os cristiáns e as que realizou Xesús.	1

	3.1	Escribir tres características do concepto de “ Pobo de Deus” apoiándose en textos Bíblicos e do Maxisterio.	1
6.A Igrexa: Corpo de Cristo	1.1	Elaborar un informe que recolla tres tarefas como mínimo que realice a parroquia e realacionalo co concepto “ Corpo de Cristo”.	1
	2.1	Respectar a liturxia da Igrexa.	1
	3.1	Realizar unha pequena entrevista ao párroco sobre a opinión da xerarquía da Igrexa acerca dun problema actual.	1
7.Na Igrexa e a súa historia Xesús continúa presente. Primeiros pasos do camiño	1.1	Sinalar como mínimo un feito esencial da fe cristiá no contexto cultural diferente ao orixinal xudeu.	1
	2.1	Investigar un testimonio de vida dun cristián fixándose na plenitude de vida que expresa.	1
	3.1	Poñer un exemplo como mínimo da influencia que a experiencia de vida cristián tivo na xeneración de cultura ao longo dos primeiros séculos da historia da Igrexa.	1
	3.2	Sinalar tres características como mínimo de obras de arte paleocristiá.	1
	4.1	Relacionar a influencia que as experiencias de fe narradas na Biblia tiveron na arte primitiva.	1
8. Na Igrexa e a sua historia Xesús continúa presente. Tomamos velocidade	1.1	Enumerar polo menos dous feitos esenciais da expansión da fe cristiá nos territorios xermánicos e británicos.	1
	2.1	Describir brevemente a controversia iconoclasta.	1
	3.1	Ler un testimonio cristián de vida monástica e sinalar polo menos tres elementos da plenitude de vida que neles se expresa.	1
	4.1	Elaborar una liña do tempo no que apareza o nacemento e expansión da relixión musulmana.	1
9. Na Igrexa e a sua historia Xesús continúa presente. Ás veces sae do camiño	1.1	Descubrir polo menos dous feitos do desenrolo da fe cristiá na Europa medieval.	1
	2.1	Ler un testimonio cristiá de vida monástica e sinalar os elementos de plenitude de vida que neles se expresa.	1
	2.2	Propoñer unha solución ao problema de convivencia entre cristiáns e musulmáns con motivo do ocorrido nas Cruzadas.	1
	3.1	Propoñer outra situación diferente da anterior.	1
	3.2	Sinalar tres características da arte románica e tres da gótica especificando obra artística e un exemplo	1
	4.1	Recoñecer e expresar a experiencia relixiosa e o contido das crenzas cristiáns manifestadas polo menos dun autor dunha obra de arte medieval.	1

5.4) CUARTO CURSO DE ESO

UNIDADE	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
1. O home, Deus, as relixións e o cristianismo	1.1	Realizar un esquema coa crítica á relixión e a proposta de sentido dos diversos ateísmos.	1
	1.2	Saber que a revelación é a plenitude da búsqueda de sentido da vida.	1
	2.1	Valorar a experiencia relixiosa de salvación cristiá.	1
	3.1	Sinalar unha diferenza entre a revelación de Deus no cristianismo, e as relixións con respecto a esperanza e a fe no mundo.	1
2. As probas de fidelidade de Deus ó home (AT e NT)	1.1	Explicar algún dos termos usados na Biblia para describir a misericordia e fidelidade de Deus.	1
	2.1	Apreciar a fidelidade permanente de Deus na historia de Israel, durante a vida de Xesús e nas primeiras comunidades cristiás.	1
	3.1	Amosar interese coa experiencia das persoas que narra a Biblia.	1
3. O Mesías, unha forza de salvación para este mundo	1.1	Utilizar algún libro histórico da Biblia para amosar a orixe da esperanza na chegada dun Mesías.	1
	1.2	Asociar o sentido da esperanza mesiánica coa monarquía de Israel nalgún dos Salmos.	1
	2.1	Relacionar o sentido da esperanza mesiánica ca promesa dinástica o rei David.	1
	2.2	Identificar algún dos rasgos do Mesías sufrinte e o mesías político a partir do libro de Isaías.	1
	3.1	Valorar a Xesús, o Mesías sufrinte, como criterio de vida.	1
4. As misións	1.1	Seleccionar nalgún texto evanxélico a chamada de Xesús a constituir a Igrexa como comunidade en misión.	1
	2.1	Ler como mínimo un relato do NT no que se aprecie a misión salvífica de Xesús.	1
	3.1	Buscar unha persoa e unha institución que actualizan a misión de Xesús.	1

	3.2	Expoñer cómo e por qué comunidades sigue a misión de Xesús.	1
--	-----	---	---

5. Na historia Xesús faise presente. O Renacemento	1.1	Enumerar unha situación referida a crise da Igrexa na Idade Moderna.	1
	2.1	Valorar algunha decisión acordada nas igrexas reformadas con respecto o ecumenismo.	1
	2.2	Optar polo ben nas eleccións que se ofertan.	1
	2.3	Distinguir as distintas formas de vivir a liberdade e valorar a máis humana.	1
	3.1	Identificar polo menos unha persoa na Igrexa que é autoridade polo servizo da súa vida.	1
	3.2	Localizar e xustificar un acontecemento da historia moderna nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.	1
	4.1	Relatar un feito histórico na resolución das tensións entre católicos e protestantes.	1
6. Na historia Xesús faise presente. Barroco e Ilustración	1.1	Recoñecer o sentido de termos usados na Biblia para describir a misericordia e fidelidade de Deus.	1
	2.1	Apreciar a fidelidade de Deus.	1
	2.2	Amosar interese polo menos por unha persoa que narra a Biblia.	1
7. Na historia Xesús faise presente. O século dos grandes contrastes (século XX)	1.1	Expoñer unha personaxe ou feito de aproximación da Igrexa á realidade social no século XX.	1
	2.1	Elaborar un xuízo a partir dalgún testimonio que experimentou nos campos de concentración.	1
	2.2	Buscar o ben ante as eleccións que se ofrecen no diálogo entre crentes non cristiáns e cos cristiáns non católicos.	1
	3.1	Identificar algunha figura na Igrexa que é testimonio de autoridade.	1
8. Na historia Xesús faise presente. Historia da Doutrina Social	1.1	Recoñecer algunha opinión e xuízo moral referido aos principios da moral social cristiá.	1
	2.1	Explicar unha acción realizada por algunha institución eclesial.	1
	2.2	Investigar sobre unha iniciativa eclesial no entorno.	1

9. Unha Igrexa aberta ó futuro	1.1	Elaborar un informe con opinións sobre as consecuencias que comportamentos eclesiais concretos teñen para mellorar a sociedade.	1
	2.1	Plantexar algún reto e iniciativa eclesial para construír a civilización do amor: solidariedade, espiritualidade e ecoloxía.	1

6) CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA NA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Na Educación Secundaria, a opción católica ten en conta as características psicolóxicas propias da adolescencia. Nesta idade o alumno plantéxase especialmente a actitude persoal ante o relixioso dunha forma máis racional e entra nunha fase de interiorización que supón un descubrimento maior de si mesmo e unha capacidade crecente de abstracción.

A ensinanza da relixión católica na escola atense a súa propia finalidade, que é a formación plena do alumnado mediante os sistemas propios de aprendizaxe que se concretan no currículo e o seu desenrolo. As propostas da ensinanza relixiosa católica constitúen en si mesmas unha cosmovisión do mundo, da vida e do ser humano que fan posible a formación integral. Isto realízase mediante a presentación sistemática, orgánica e científica da mensaxe, vida e persoa de Xesucristo, presente na súa Igrexa, avalada pola Escritura, pola Tradición e o Maxisterio da Igrexa, transmitida a través da acción educativa do profesor coa súa preparación científico-técnica e a súa testemuña cristiá.

As achegas da ensinanza conforman unha maneira de ser e de vivir no mundo, de xeito que os principios, valores e actitudes que xenera axudan o alumnado a situarse ante a tradición cultural, a coñecer e ofrecer os elementos básicos do cristianismo xeradores de cultura, e a insertarse cooperativa e criticamente na sociedade. As súas propostas son cualitativamente transcendentales e vivas, realizadas na persoa do mesmo Xesucristo, polo que pode e de feito da resposta o sentido último da vida.

As competencias básicas como son as interpersonais, interculturais, sociais e cívicas e a comunicación lingüística adquiren nesta área elementos básicos para a súa

adquisición o longo da ensinanza obrigatoria. Toda persoa ten a necesidade dunha base sólida sobre a que construír a existencia persoal e social. Os adolescentes e xoves fanse preguntas profundas sobre o sentido da súa existencia que esixen unha resposta, a vez que transcendente, de carácter universal e estable. Hai que ter en conta que nesas idades desenrólase a razón formal, a súa capacidade de abstracción e xeneralización de conceptos. É capaz de analizar e sintetizar elementos distintos e plurais, inducir e aplicar símbolos e signos a súa propia vida e a realidade inmediata. Nesta etapa é cando un se plantexa as razóns da existencia e a actitude persoal ante o relixioso con relación a propia vida persoal e social. Son cuestións vitais e a súa inseguridade demandan modelos de vida auténticos no proceso de maduración da personalidade. A ensinanza relixiosa católica vai insistir na proposta explícita da persoa de Xesucristo, os seus principios, os valores e actitudes que xera, polo que o alumnado ten que reflexionar sobre a conducta persoal e social.

A formación relixiosa desenrólase na escola nun diálogo auténtico coa realidade cultural, informando sobre a relación e influxo mutuo entre a cultura occidental e o feito relixioso cristiá, entrando nun diálogo fecundo e responsable con esa cultura, composta por ideas, principios, valores, modos de vida seguindo o exemplo do Evanxeo.

Destacan as seguintes competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística.

A ensinanza relixiosa católica na escola utiliza a linguaxe académica, aquelas linguaxes que conforman a cultura que se transmite na área de relixión, así como as linguaxes da propia ensinanza relixiosa. O diálogo da fe coa cultura contribúe a competencia en comunicación lingüística, na medida en que esixe exercitarse na escoita da palabra de Deus, a exposición dos seus contidos e aplicación a cultura e as distintas formas de vida social, así como a argumentación axeitada a esta idade e sempre presente na ensinanza relixiosa. É propio da ensinanza relixiosa católica a utilización das diversas linguaxes e maneiras de comunicación que Deus utilizou na súa revelación o ser humano. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental, a linguaxe litúrxica e a súa proximidade a linguaxe dos símbolos do pobo cristiá.

A ensinanza relixiosa católica no exercicio de aprendizaxe da mensaxe cristiá capacita e permite o alumnado expresar pensamentos, conviccións, vivencias e opinións e acostumarse o discurso coherente e estruturado da fe.

Competencia social e cívica.

Na **competencia social e cívica** intégranse os elementos esenciais para a humanización, elementos persoais, interpersoais e interculturais, e recollen todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha maneira eficaz e construtiva a vida social e profesional. Dende a mensaxe cristiá, o principal é o

desenrolo de todo o humano, das súas potencialidades e capacidades. Dende o desenrolo da persoa séntanse as bases para a cooperación e exercicio da cidadanía democrática, a comprensión da realidade social na que se vive, sendo conscientes dos valores do noso entorno e colaborando coa oferta de vida que nos fai Xesucristo, a construír un sistema de valores propio e a vivir en coherencia con El. A ensinanza relixiosa católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumnado para así facer posible a maduración da corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da cooperación, da liberdade, a xustiza, a igualdade e a caridade, todo como expresión coherente do coñecemento de Deus, revelado en Xesucristo e, tamén como resposta as grandes preguntas sobre o sentido da vida que xa nesta idade se formulan os alumnos/as. O principio básico é a dignidade do ser humano, como fillo de Deus polo que se deben respectar os principios e valores universais. O alumnado necesita razóns para amar, vivir, esperar baseadas na vida e mensaxe de amor de Xesucristo, orixe e meta da formación relixiosa que a Igrexa ofrece na escola.

As relacións interpersoais baséanse en principios e valores que emanan da persoa de Cristo polo que se afrontan as situacións de conflito mediante o diálogo, o perdón e a misericordia, que son valores xenuinamente cristiáns.

Dende a ensinanza relixiosa propónse unha reflexión e análise crítico dos valores democráticos e da cidadanía descubrindo que a súa raíz son os principios fundamentais do Evanxeo e da Doutrina Social da Igrexa: a fraternidade, a xustiza, a misericordia, o perdón, a doazón de si mesmo, a entrega total a favor dos pobres.

Competencia cultural e artística.

A contribución a **competencia cultural e artística** relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, histórica, simbólica, lingüística, de costumes, ritos, festas, valores e modos de vida impregnados polo cristianismo dende a súa orixe e o seu desenrolo actual, como manifestación do feito relixioso. A cultura e a historia europea occidental, e a propia historia e cultura española, non poden ser comprendidas e asumidas si se prescinde do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos, en concreto, nos pobos de España.

A Relixión e Moral Católica presenta o acontecemento cristiá en diálogo coa cultura, incorporando o saber da fe no conxunto dos demais saberes. Con isto os alumnos adquiren unha valoración crítica da cultura a luz do evanxeo, motivando o mesmo tempo o aprecio da propia cultura e a estima axeitada de outras tradicións culturais e relixiosas. Ademais no currículo de relixión católica tamén están presentes os elementos esenciais que definen as grandes relixións da humanidade.

A ensinanza relixiosa católica non so aporta á competencia cultural e artística uns coñecementos de arte e cultura con referencia relixiosa e unhas destrezas, senón tamén o sentido e profundidade da súa presenza que remite a unha maneira concreta de ver a vida, de expresala e de vivir dende a achega cristiá á cultura.

A competencia de aprender e aprender.

A área de Relixión Católica como área de coñecemento dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe que se leva a cabo na educación, contribúe o desenrolo da competencia de **aprender a aprender**, fomentando as capacidades de aprendizaxe: atención, memoria, experiencia..., o impulso do traballo en equipo, a síntese de información e opinión. A ensinanza relixiosa axuda a ser protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta a vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan de Deus. Aprender a aprender conleva non so unha proposta de sentimentos, valores e actitudes, senón tamén un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ten que ser crisol na procura da verdade e do ben. A ensinanza relixiosa proporciona o alumnado o principio sobre o que o ser humano debe sentirse orgulloso e motivado como Fillo de Deus, para aprender e seguir aprendendo.

A competencia sobre autonomía e iniciativa persoal.

É finalidade da escola que os alumnos e alumnas descubran a súa identidade persoal, pero esta non será posible si unha apertura o significado último e global da súa existencia humana. A autonomía e iniciativa persoal non poderá realizarse se o alumnado non se coñécea si mesmo no seu ser mais profundo, nas súas potencialidades, na súa dignidade e no seu sentido. A ensinanza relixiosa católica diríxese a persoa concreta nas súas raíces e na súa propia identidade, nas súas posibilidades humanas de acción e de servizo e diríxese o ser humano na súa finalidade transcendente. O ofrecemento do Evanxeo de Xesucristo que presenta a humanidade nova feita de homes novos conforme o designio de Deus. Proponse a Xesús como camiño que nos conduce a verdade e a vida, e ten que facerse dende a convicción profunda que procede da Igrexa que confesa, celebra e vive a fe en Xesús, e en consecuencia, mediante a forma propia e mais coherente de transmitir esa fe da Igrexa: a testemuña. A testemuña de homes e mulleres santos o longo da historia constitúe un referente continuo para a autoasimilación dos valores mais xenuinamente cristiáns. A ensinanza relixiosa educa na iniciativa persoal e autónoma do alumnado polo ben e a verdade.

Na contribución o desenrolo persoal do alumnado, a relixión é xeneradora de valores e de integración social. Tamén capacita o alumnado para examinar situacións concretas da vida e realizar con autonomía un xuízo crítico e cristián.

A competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

A Relixión Católica contribúe o desenrolo da competencia no coñecemento e interacción co mundo físico a través da Doutrina Social da Igrexa, iluminando as respostas e solucións os problemas que xorden na interacción do ser humano co medio físico e con si mesmo. Tamén contribúe a valoración ética do uso da ciencia e da

tecnoloxía. Apoia e dá sentido as habilidades e destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren dende esta competencia. O cristián entende a natureza como creación de Deus, polo que a valora, a coida e a fomenta.

A continuación, aparece o desenvolvemento das competencias básicas para cada curso de ESO.

6.1) 1º CURSO DE E.S.O.

TEMA 1: " O HOME AO ENCONTRO DE DEUS "

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Os acontecementos da historia expresan a apertura do home a Deus.	1. Saber recoñecer e sinalar os elementos principais das primitivas relixións.	1.1 Expresa por escrito as primeiras respostas do home crente ante os misterios do mundo nos que recoñece que a vida é dada.	Comunicación lingüística. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Conciencia e expresións culturais. Competencia dixital.
	2. Valorar o modo de expresar nas relixións antigas que a realidade é don de Deus.	2.1 Evalúa, compartindo cos compañeiros, mitos, ritos, expresións artísticas e personaxes onde queda de manifesto que a realidade é don de Deus.	

TEMA 2: " E DEUS AO ENCONTRO DO HOME "

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
A realidade creada é signo da presenza de Deus no mundo.	1. Describir o sentido da creación a partir das narracións da Biblia.	1.1 Argumenta e expón con claridade os testimonios da Biblia acerca do proxecto amoroso de Deus sobre o home e o mundo.	Comunicación lingüística. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Conciencia y expresiones culturales. Competencia dixital.
	2. Identificar a orixe divina da realidade.	2.1 Admira e valora a narración bíblica da creación do mundo.	
	3. Apreciar, valorar e contrastar os diferentes relatos relixiosos acerca da creación.	3.1 Relaciona, distingue e explica coas propias palabras, as peculiaridades dos relatos sobre a creación dos mitos da antigüidade e do relato bíblico.	

	4. Asimilar as diferencias entre a explicación teolóxica e científica da creación e a orixe do mundo.	4.1 Conoce, sinala e respecta as diferencias entre a explicación teolóxica da creación e a explicación científica da orixe do mundo.	
--	---	--	--

TEMA 3:” ISRAEL, UN POBO CON MOITA HISTORIA ”

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
A historia de Israel: elección, alianza, monarquía e profetismo.	1. Coñocer os principais acontecementos da historia de Israel situándoos nas súas coordenadas xeográficas, históricas, sociais e relixiosas.	1.1 Describe o contexto histórico, social e relixioso do Israel bíblico e constrúe unha liña do tempo cos principais acontecementos. 1.2 Amosa interese pola historia de Israel e dialoga con respecto sobre os beneficios desta historia para a humanidade.	Comunicación lingüística. Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Conciencia e expresións culturais. Competencia dixital.
	2. Establecer relacións entre feitos e manifestacións do Antigo Testamento con feitos e personaxes da historia de Israel.	2.1 Interpreta a relación das personaxes e os feitos bíblicos coa historia de Israel.	
	3. Sinalar e identificar de maneira sinxela as diferentes construcións culturais e literarias dos textos bíblicos mediante os cales Deus manifestaouse nas distintas etapas da historia de Israel.	3.1 Busca e lee relatos bíblicos interpretando os xestos e palabras coas que Deus é identificado como protagonista principal da súa historia. 3.2 Fixa e explica constructivamente, de modo oral o por escrito, accións significativas do pobo xudeu que reflexan o desvelarse de Deus na historia.	
Patrimonio relixioso da humanidade			

TEMA 4: “NOTICIAS DE PRIMEIRA PLANA: OS EVANXEOS”

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<p>Os evanxeos: as comunidades cristiáns son testimonio e anuncio de Xesús. A composición dos evanxeos.</p>	<p>1. Comentar e identificar a natureza narrativa de diferentes pasaxes dos evanxeos.</p>	<p>1.1 Realiza unha análise de algúns textos evanxélicos aplicando os criterios de narración estudados.</p>	<p>Comunicación lingüística. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Conciencia e expresións culturais. Competencia dixital.</p>
	<p>2. Expresar mediante un cadro sinóptico a finalidade da composición dos diferentes evanxeos.</p>	<p>2.1 A partir da lectura de textos evanxélicos, reconece e argumenta o contido das crenzas e diseña os rasgos da persona de Xesús e o seu perfil.</p>	
	<p>3. Coñecer e comprender que o proceso de formación dos evanxeos responde ás necesidades dos primeiros cristiáns de vivir o novo estilo de vida que implica seguir a Xesús.</p>	<p>3.1 Ordena, elabora esquemas e explica coas propias palabras os pasos do proceso formativo dos evanxeos.</p>	

TEMA 5: “XESÚS, HOME E DEUS”

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
As confesións de fe dos primeiros cristiáns na divinidad e humanidade de Xesús.	1. Valorar a argumentación rigurosa na exposición da fe na divinidad de Xesús.	1.1 Identifica, clasifica e prepara exposicións orais e /ou escritas de maneira xustificada acerca das diferencias entre a natureza divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos.	Comunicación lingüística. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Competencia dixital.
	2. Dar razón a través de textos do Novo Testamento dos rasgos da natureza divina e humana de Xesús.	2.1 Recoñece nua lista de relatos evánxelicos as manifestacións de ambas naturezas, humana e divina de Xesús.	
	3. Construír esquemas nos que se formule a creenza en Xesús, verdadeiro Deus e verdadeiro home, explicar con claridade o seu contido.	3.1 Realiza cadros sinópticos e mapas coceptuais a partir dunha sinxela exposición da creenza de Xesús como Mesías e fillo de Deus, Salvador e Redentor.	

TEMA 6: “ CUNHA MISIÓN”

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Xesús, home e Deus, ten unha misión: o Reino de Deus.	1. Distinguir no proxecto de vida do Reino de Deus de Xesús os rasgos da súa natureza divina e humana, confesados polas primeiras comunidades cristiás.	1.1 Esfórzase por comprender mediante a realización de cadros sinópticos e/ou mapas conceptuais as manifestacións das naturezas humana e divina de Xesús expresadas nos relatos evanxélicos.	Comunicación lingüística. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Conciencia e expresións culturais. Competencia dixital.
	2. Enumerar, describir e relacionar algunhas personaxes ou acontecementos da historia cristiá cos diferentes aspectos da misión de Xesús.	2.1 Esfórzase por comprender mediante a relación con personaxes ou movementos relixiosos da historia cristiá a transformación da sociedade que conleva o compromiso co Reino de Deus.	
Patrimonio relixioso da humanidade.			

TEMA 7: “ A INICIACIÓN CRISTIÁ ”

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<p>Xesucristo faise presente na Igrexa a través dos sacramentos. O Espírito Santo da vida á Igrexa mediante os sacramentos de iniciación.</p>	<p>1. Comprender e identificar a presenza de Xesucristo hoxe na Igrexa nos diferentes símbolos, ritos e celebracións sacramentais.</p>	<p>1.1 Sinala e explica a crenza fundamental na presenza de Xesucristo na celebración dos sacramentos de iniciación da Igrexa.</p>	<p>Comunicación lingüística. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Competencia dixital.</p>
	<p>2. Respetar os signos e expresións litúrxicas como mediadores na conciencia da relación das persoas e os grupos coa divindade.</p>	<p>2.1 Da mostras de respecto e/ou veneración polos signos e normas do ritual litúrxico.</p>	
	<p>3. Recoñecer nas oracións, símbolos e ritos das celebracións sacramentais, as crenzas na acción do Espírito Santo que da vida á Igrexa.</p>	<p>3.1 Recoñece y respecta a crenza que se expresa nos sacramentos de iniciación como símbolos da acción do Espírito para construír a Igrexa. 3.2 Asocia a acción do Espírito nos sacramentos de iniciación coas distintas etapas e momentos da vida. 3.3 Toma conciencia e aprecia a acción do Espírito para o crecemento da persoa.</p>	

TEMA 8: “E AGORA CELEBRÁMOLO, TAMÉN NO SERVIZO E A ENFERMIDADE”

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<p>O Espírito Santo da vida á Igrexa mediante o servizo ós homes: os sacramentos de sanación e de servizo. A liturxia: fonte de vida para a Igrexa.</p>	<p>1. Identificar a presenza de Xesucristo hoxe na acción da liturxia da Igrexa.</p>	<p>1.1 Coñece e dá mostras de respecto polo sentido da estrutura do calendario litúrxico. 1.2 Sinala e explica a crenza fundamental na presenza de Xesucristo na celebración dos sacramentos de sanación e servizo da Igrexa.</p>	<p>Comunicación lingüística. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Competencia dixital.</p>
	<p>2. Interpretar con claridade o significado de estes sacramentos como acción do Espírito Santo na vida da Igrexa.</p>	<p>2.1 Expresa o significado dos sacramentos como acción do Espírito para construír a Igrexa.</p>	
	<p>3. Recoñecer e dar razón das situacións da vida que se celebran nos sacramentos de sanación e servizo.</p>	<p>3.1 Asocia a acción do Espírito nos sacramentos de sanación e servizo coas distintas etapas e momentos da vida.</p>	

TEMA 9:” A FAMILIA: O AMOR QUE ENXENDRA PERSOAS”

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<p>A familia, Igrexa doméstica, fai presente a Xesucristo na historia.</p>	<p>1. Construír esquemas nos que se formulen cáles son as características fundamentais da familia cristiá.</p>	<p>1.1 Realiza cadros sinópticos e mapas conceptuais a partir dunha sinxela exposición da ensinanza da Igrexa sobre o matrimonio.</p>	<p>Comunicación lingüística. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Competencia dixital.</p>
- A revelación de Deus nas relixións e na historia completa a búsqueda de sentido do ser humano.
- A plenitude na experiencia relixiosa cristiana.

UNIDADE 2: “As probas de fidelidade de Deus o home(AT e NT)”.

- A testemuña da fidelidade de Deus a alianza co ser humano abarca a Biblia de principio a fin.

UNIDADE 3: “O Mesías, unha forza de Salvación para este mundo”.

- A esperanza na chegada dun Mesías: da figura mesiánica do rei David á do Servo de Yahvé.
- O cumprimento da promesa: Mesías é Xesús.

UNIDADE 4: “As misións”.

- A chamada de Deus a colaborar con El xerou unha comunidade nunha misión desde entón ata os nosos días.

UNIDADE 5: “Na historia Xesús faise presente. O Renacemento”.

- Experiencias da historia cristiá: a pertenza a Cristo na Igrexa ilumina todas as dimensións do ser humano: razón, afecto e liberdade.
- A autoridade eclesial ó servicio da verdade: a reforma católica e protestante.

UNIDADE 6: “Na historia Xesús faise presente. Barroco e Ilustración”.

- A testemuña da fidelidade de Deus á alianza co ser humano abarca a Biblia de principio a fin.

UNIDADE 7: “Na historia Xesús faise presente. O século dos grandes contrastes (século XX)”.

- Experiencias da historia cristiá: a pertenza a Cristo na Igrexa ilumina todas as dimensións do ser humano: traballo, guerra, Holocausto e diálogo.
- A autoridade eclesial ó servicio da verdade.

UNIDADE 8: “Na historia Xesús faise presente. Historia da Doutrina Social”.

- A misión do cristián no mundo: a Doutrina Social da Igrexa como instrumento fundamental para construír a civilización do amor.

UNIDADE 9: “Unha Igrexa aberta ó futuro (xóvenes)”.

- A Igrexa mira ó futuro: a misión alternativa do cristián no mundo: soñar a civilización do amor.

8) TEMPORALIZACIÓN:

1. **Primeiro trimestre**: unidades 1-3
2. **Segundo trimestre**: unidades 4-6
3. **Terceiro trimestre**: unidades 7-9

9) METODOLOXÍA:

Os principais criterios metodolóxicos a seguir son:

Partir da experiencia do alumno: É moi importante primeiro coñecer o grado de coñecemento do alumno. O alumno posúe un conxunto de experiencias e ideas sobre a realidade que lle rodea que deben ser empregadas como punto de partida para as súas novas aprendizaxes e coñecementos. Axudarase a reflexionar sobre as diversas situacións de índole persoal, familiar e social, de xeito que esas experiencias sirvan de punto de partida para alcanzar unha maior comprensión da boa Nova de Xesús.

O conectar coa experiencia do alumno, esperta nel un maior interese e motivación, e ademais facilitaralle o carácter significativo das aprendizaxes.

Conceder unha particular importancia a actitude persoal do alumno: pero sen descoidar o traballo en grupo; o cal si se desenrola favorece ó desenrolo da dimensión social do alumnado. O traballo en pequeno ou gran grupo favorece o intercambio de ideas, motivación e que aprendan uns de outros.

Especial atención ó feito de que **os alumnos son diferentes entre si, (atención á diversidade)**: por iso a necesidade de adaptar as ensinanzas e actividades ás posibilidades, necesidades e intereses de cada un. Na práctica diaria dentro da aula pódense atopar tres tipos de alumnos cos que se deben empregar estratexias diferentes:

- Aqueles alumnos que seguen ben as ensinanzas do grupo.
- Os menos motivados ou capacitados, cos que hai que propoñerse, polo menos, a consecución dos obxectivos mínimos propostos para cada curso.
- Os alumnos máis motivados, máis traballadores ou capacitados, que demandan un ritmo de aprendizaxe máis rápido que o resto do grupo.

Para atender estes distintos niveis, o profesor debe propoñer actividades de diferente nivel de complexidade e dificultade, dende as mais sinxelas ata as mais complexas, e actividades en grupo e individuais que poidan acomodarse as características de cada alumno.

Os alumnos que necesiten unha Adaptación Curricular Individualizada (ACI) serán seguidos de forma especial, en colaboración co Departamento de Orientación do centro. Para eles o Departamento elaborará diferentes materiais que intenten adaptarse as súas necesidades.

Aplicar estratexias de indagación: A súa característica fundamental consiste en servir de estímulo ó alumno para realizar actividades de busca que poidan ser moi variadas: localizar textos na Biblia, consultar unha enciclopedia ou dicionario, buscar unha determinada información nun libro de historia, ciencias ou arte, facer unha enquisa ou un cuestionario, etc..

Fomentar a creatividade e a expresión persoal do alumno: A formación relixiosa ten que servir ós alumnos para a elaboración de xuízos persoais para expresar de maneira persoal e libre a súa visión cristiá da vida.

Emprega simultaneamente diversas técnicas de ensino: Os alumnos aprenden mellor cando o profesor emprega diversas técnicas de ensino-aprendizaxe, combinándoas axeitadamente. Unhas veces será unha breve explicación do profesor, outras, o diálogo e a reflexión a partir da lectura dun texto da Biblia ou comentario dun texto do Maxisterio da Igrexa; a observación de ilustracións; o xuízo crítico sobre determinadas informacións dos medios de comunicación, a busca dunhas pasaxes do Evanxeo; un debate,... Tamén son imprescindibles os recursos de carácter audiovisual: montaxes de diapositivas, cine, documentais, cómic, música, anuncios publicitarios, ...

Hai que ter en conta a **linguaxe ou vocabulario relixioso básico**.

A interdisciplinabilidade. É necesario relacionar os coñecementos que van adquirindo nas clases de Relixión cos que adquiren en outras áreas curriculares. A Relixión no marco escolar, é unha disciplina entre as outras e coas outras. Non debe ser unha materia aparte senón que debe estar intimamente relacionada coas demais áreas curriculares. Por iso é importante entrar en contacto coa cultura concreta dos alumnos un diálogo aberto, crítico e respectuoso cos outros campos do saber.

Impartir a clase de relixión católica nun clima que facilite a liberdade do alumnado: Isto por respecto a un posible pluralismo relixioso do alumnado, pero

tamén por imperativo evanxélico: transmitir unha ensinanza; o coñecemento da fe ofrécese, non se impón. No diálogo educativo cos alumnos, o profesor de Relixión ten ocasión de dar testemuña de que na fe cristiá encontrou a resposta as súas grandes preguntas existenciais.

Transmitir unha ensinanza especificamente relixiosa: A mensaxe cristiá débese presentar de forma clara e inequívoca, de xeito que os alumnos vaian adquirindo unha visión completa da Relixión Católica e dos conceptos e actitudes claves da mensaxe cristiá.

Metodoloxía activa: O protagonista é o alumno, o profesor orienta e informa acerca das fontes, e ensina a utilizalas.

A metodoloxía debe axudar a distinguir: datos e a súa interpretación; valores verdadeiros e falsos, ensinar a ser críticos e reflexivos, axudar a facer síntese entre fe e cultura.

10) FERRAMENTAS PARA A REFLEXIÓN E AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Nesta programación ofrécense unha serie de instrumentos de axuda para reflexionar sobre catro aspectos fundamentais na práctica docente:

1. Planificación.
2. Motivación do alumnado.
3. Desenrolo da ensinanza.
4. Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza aprendizaxe.

1. PLANIFICACIÓN

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Programa a asignatura tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a asignatura tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenrolo.		
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedimentos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas.		
7. Coordínase co profesorado de outros departamentos que poidan ter contidos afíns a súa asignatura.		

2. MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Proporciona un plan de traballo ó principio de cada unidade.		
2. Plantea situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona os aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		

3. DESENROLO DA ENSINANZA

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando se introduzan conceptos novos, relaciónaos, si é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para aclarar dudas e ofrecer asesorías dentro e fora das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenrolo de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluida cos estudantes.		
7. Desenrola os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
8. Plantea actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantea actividades grupais e individuais.		

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA APRENDIZAXE

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ó nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fora dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e cómo pode melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e alumnas, e da pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados ós estudantes e ós pais.		

11) MATERIAL EMPREGADO:

Os criterios de selección de materiais e recursos didácticos baséanse en:

- Coherencia entre os mesmos e os obxectivos, contidos... a seguir
- grado de utilidade dos mesmos
- Adecuación ao centro, alumnado e zona na que nos movemos

O material empregado:

- a) Material fotocopiable
- b) Caderno de traballo
- c) A Biblia
- d) Enciclopedia, dicionario
- e) Mapas de Terra Santa (atlas bíblico)
- f) Folletos
- g) Textos do Maxisterio da Igrexa
- h) Películas bíblicas e de animación, cine actual, documentais, monográficos sobre a vida de diferentes santos...
- i) Música
- j) Ilustracións con motivos relixiosos tomadas de libros de arte
- k) Fichas de ampliación e reforzo tomadas de diferentes libros para motivar a clase de Relixión
- l) Xornais e revistas
- m) CD-ROM
- n) Internet

11.1) TICS

Os materiais didácticos multimedia foron adquirindo unha grande importancia na educación actual. A elaboración destes materiais didácticos foi evolucionando ao longo dos últimos anos e hoxe case ninguén dubida da súa capacidade para incidir na aprendizaxe dende as idades máis novas.

É unha realidade incuestionable que a incorporación das TICS na sociedade e en especial no ámbito da educación, aporta unha grande fonte de recursos e materiais didácticos que inflúen de maneira significativa no ensino e aprendizaxe.

Un sistema de aprendizaxe baseado nas Tecnoloxías da Información e a Comunicación aporta un valor engadido o actual sistema educativo e abre as portas a novos paradigmas educativos e de información.

A utilización das TICS na aula proporciónalle ó estudante unha ferramenta que se axeita a súa actual cultura tecnolóxica, e dálle a posibilidade de responsabilizarse máis da súa educación e que o fai protagonista da súa propia aprendizaxe, do permanente aprender a aprender.

Neste contexto é imprescindible incorporar as TICS na aula desenrolando recursos pedagóxicos dinámicos que utilizan unha metodoloxía activa e innovadora co obxectivo de aumentar a motivación do alumnado cara a materia. Da mesma maneira, pode mellorar a comunicación entre profesor e alumnado e aumenta a súa motivación e satisfacción na aprendizaxe de novos conceptos. A posibilidade de manipular, de interactuar favorece a aprendizaxe significativa. Os recursos visuais e auditivos variados e o plantexamento de actividades coma situacións reais facilitan a comprensión de aspectos que as veces resultan difíciles de integrar no traballo normal da aula.

A variedade da tipoloxía de actividades posibles co uso das TICS evita a monotonía e favorece o interese do alumnado con diferentes capacidades, respectando o seu propio ritmo de aprendizaxe e facilitándolle o profesorado un resultado positivo en canto o tratamento da diversidade na aula.

A interactividade das aplicacións multimedia favorece un ensino e aprendizaxe máis dinámico e didáctico. A actitude do usuario fronte a interactividade estimula a reflexión, o cálculo de consecuencias e provoca unha maior actividade cognitiva.

Os recursos multimedia presentes en Internet complementan a oferta de contidos tradicionais coa utilización de animacións, vídeos, audio, gráficos, textos e exercicios interactivos que reforzan a comprensión dos contidos do libro de texto e enriquecen a súa presentación.

Na área de Relixión Católica utilízanse moi a miúdo as TICS polas razóns que se acaban de enunciar. O que máis se utiliza son os materiais audiovisuais: música, diferentes películas, xa sexan de contido bíblico, xa sexa cine actual, e tamén documentais, sempre relacionados co tema co que se está traballando nese intre. Tamén cabe sinalar que en cada unidade se lles proporcionará o alumnado diferentes páxinas de Internet que tratan ese tema

para que eles poidan consultar. Algunhas de esas páxinas conteñen xogos e incluso webquest. Un exemplo é: <http://www.sanisidrolabrador.com/webquest/>

Tamén se utiliza un CD-ROM con numerosas actividades para traballar coa Biblia.

11.2) PLAN LECTOR

Dende a área de Relixión Católica fomentárase o interese do alumnado pola lectura. Animarase ao alumnado de todos os niveis a que profundicen nos temas que se están traballando na aula por medio da lectura de textos que lles entregará a profesora, e tamén por medio da lectura da Biblia, xornais, revistas, monográficos, Dende o primeiro día de clase e en cada tema, a profesora vai lles a suxerir a posibilidade de que busquen na casa pola súa conta información e noticias (en revistas e xornais) sobre o tema tratado. Así, poden levalo a clase e compartilo cos demais compañeiros/as. Esta é unha forma de animar a ler na casa, de buscar información concreta (sobre os temas que estamos a traballar), de que as clases non se reduzan ao libro de texto, de motivar, e sobre todo de que sexan eles mesmos os verdadeiros protagonistas. Terase en conta as achegas de cara a nota na avaliación. Cada vez que un alumno/a leve á clase unha noticia terá que lela en voz alta, logo comentárase e abrirase un pequeno debate no que se intercambiarán as distintas opinións xurdidas. Por experiencia en cursos anteriores, son case sempre os mesmos alumnos/as os que traen as novas de xornais ou revistas. Isto é debido a que nesta idade non están acostumados a ler prensa diariamente, e se o fan , son moi selectivos, por exemplo os rapaces só len a sección de deportes.

En primeiro curso de ESO , cando se trate o tema dos Dereitos Humanos buscarán, (en horario de clase), en **xornais** que a profesora lles proporcionará, novas que mostran como moitas veces non se cumpren tales dereitos. Logo por grupos, elaborarán murais con recortes no que sinalarán contra que dereito atentan as novas seleccionadas. Para animar a que lean xornais e revistas na casa e que busquen máis novas, subiráselles a nota da avaliación.

A utilización da **Sagrada Escritura** para buscar e ler pasaxes vai a ser considerable. Pero hai que sinalar que para interpretar un texto bíblico é necesario seguir os seguintes pasos:

- Buscar o texto na Biblia
- Descubrir que buscaba o autor cando escribiu o texto e a quen ía dirixido
- Ler atentamente o texto tendo en conta a intención do autor. Captar a mensaxe e aqueles aspectos que son chocantes na actualidade
- Descubrir o que quere transmitir o texto, a súa mensaxe
- Sacar unha conclusión práctica para a vida de cada un e a dos demais

No departamento contamos con material para traballar coa Biblia de maneira amena. Trátase de actividades lúdicas nas que aprenden a manexar a Biblia o tempo que potencia a lectura da mesma. Por exemplo, a profesora formula preguntas e sinala a cita bíblica onde aparece a resposta. Eles buscan a cita na Biblia ou na súa edición dixital e responden. Esta actividade realízase en grupo, e o equipo que máis acertos ten é o ganador. Gústalles moito esta actividade pola competición que hai entre os grupos por ver quen é o grupo que máis acertos ten.

Tamén se utilizará **Internet** na aula de informática para buscar información concreta. Outras veces, a profesora proporciona-lle ao alumnado páxinas web para consultar e contestar por escrito preguntas que lles foron formuladas e que tiñan que ver co que se estaba a estudar nese intre.

En todos os cursos empregárase o libro de texto para introducir os temas. Serán os mesmos alumnos/as de forma voluntaria os que leerán en voz alta, e sobre a lectura, contestarán por escrito ou oralmente ás cuestións. A finalidade é levar a cabo unha lectura comprensiva.

En cada unidade mostraráselles unha serie de libros que tratan o tema co que se está a traballar nese intre por si queren profundizar no mesmo. A continuación vai unha selección de libros de lectura optativa:

- J.L. ARSUAGA E I. MARTÍNEZ, *La especie elegida*, Temas de Hoy, 2000
- J.L. ARSUAGA. *El collar del Neardental*, Temas de Hoy, 2000
- RICHARD H. WILKINSON, *Todos los dioses del Antiguo Egipto*. Oberon, Madrid, 2003
- R.M. OGILVIE, *Los romanos y sus dioses*. Alianza, Madrid, 1995
- E. GALLUD, *Los viajes de Nandi y otros cuentos de la India*, Oberon, Madrid, 2004
- ESCHMITT, E.E. *Oscar y Mamie Rose*
- MARK TWAIN. *El diario de Adán y Eva*
- V. HUGO, *Los miserables*
- WILLIAM GOLDMAN, *La princesa prometida*
- KESHAVJEE, S, *El rey, el sabio y el bufón*, Ediciones Destino, 2004
- MORO, J, *Las montañas de Buda*, Planeta /Seix Barral, 2010
- BEN JELLOUNT, T, *El Islam explicado a nuestros hijos*, RBA, 2002
- GORDON, NOAH, *El rabino*, Ediciones B, Barcelona, 1993
- GORDON, NOAH, *El último judío*
- ALEIJEM, Scholem, *Tevie, el lechero*, Riopiedras, Zaragoza, 2004
- CORTÉS, JL, *Un señor como Dios manda*, PPC, Madrid, 2002
- CORTÉS, JL, *El señor de los amigos*
- CORTÉS, JL, *Agustín, el del corazón inquieto*, PPC, Madrid, 2003

- SIENKIEWICZ, Henryk, *Quo vadis?*, Planeta, Barcelona, 2010
- LE CARRE, John, *El jardinero fiel*, Ediciones El País, Madrid, 2008
- LINS, Paulo, *Ciudad de Dios*, Tusquets, Barcelona, 2003
- ECO, U, *El nombre de la rosa*, Plaza y Janés Editores, 2001
- FALCONES DE SIERRA, I, *La catedral del mar*. Ed.Grijalba, 2007
- MERLO, C, *Tres gigantes del Renacimiento: Leonardo, Miguel Ángel y Rafael*, Ed. Editex, 1999
- CORTÉS, JL, *Teresa, la de Jesús*, Ed, PPC, 2004
- DELIBES, M, *El hereje*, Ed, Destino, 2002
- FERNÁNDEZ, J, *Jesús cuenta su vida*, Instituto Teológico Compostelano, 2008

12) AVALIACIÓN:

A avaliación é un conxunto de actividades cunha finalidade común: regular o funcionamento do proceso e sistema educativo. Deber ser máis que avaliar a aprendizaxe do alumno.

A avaliación non debe ser considerada como un fin en si mesma nin cambiar “Avaliación para Educación”. Ten que servir de motivación para que o alumno poida corrixirse e mellorar. Expresar os resultados que xunto coas motivacións orientadoras sirvan de información para os alumnos e os pais.

A avaliación deber ser **CONTINUA**. Ten a función de recollida sistemática de información e criterios de acordo cos alumnos, centro, profesor e administración.

Que avaliar?

- a) Obxectivos educativos programados
- b) Axustar criterios, de etapas e contexto do centro

Cando avaliar?

Deberanse aplicar sucesivamente tres tipos de avaliación:

Unha **avaliación inicial** para coñecer o grado de desenrolo do alumno e o seu estado

previo de coñecementos, procedementos e actitudes. Isto serviralle ao profesor para adaptar a súa actuación educativa ás características e posibilidades reais de cada un dos seus alumnos. Os alumnos deben responder a unha serie de preguntas moi sinxelas.

Unha **avaliación formativa** que se vai facendo ao longo do curso e que interesa sistematizar para non deixar desatendido ningún dos obxectivos previstos.

Unha **avaliación final**, ao termino do proceso, para constatar si se conseguiron as intencións do programa de ensinanza e aprendizaxe.

Como avaliar?

A avaliación ten unha finalidade formativa, é dicir, servir de axuda aos alumnos no proceso da súa aprendizaxe. Pretende axudarlles a coñecer oportunamente os seus acertos e erros, para reforzar aqueles e pór remedio a estes. En canto aos instrumentos ou medios para a avaliación será oportuno facerlles saber que **o seu traballo avaliarase mediante diversos medios**, como por exemplo:

- O bo estado do material de traballo
- A revisión periódica do caderno de Relixión (presentación esmerada, actividades completas, ben feitas, etc..)
- O interese e a laboriosidade na aula e fora dela
- As preguntas orais que faga o profesor na clase
- Probas de tipo test moi breves
- Proba de avaliación trimestral
- Traballos sobre libros, folletos, etc..
- Traballos voluntarios
- A participación activa na aula

12.1) AVALIACIÓN INICIAL NA ESO

A avaliación inicial levarase a cabo coa recollida de información mediante:

- Informes anteriores
- Observación directa (cubriendo un documento a modo de indicador de observación para valorar o grao de integración, motivación e interese do alumnado)
- Redacción libre sobre o tema: *Xesús de Nazaret*
- Proba inicial con preguntas moi sinxelas

12.3) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1º CURSO ESO

- Saber recoñecer e sinalar os elementos principais das relixións primitivas.
- Valorar o modo de expresar nas relixións antigas que a realidade é don de Deus.
- Describir o sentido da creación a partir das narracións da Biblia.
- Identificar a orixe divina da realidade.
- Apreciar, valorar e contrastar os diferentes relatos relixiosos acerca da creación.
- Asimilar as diferenzas entre a explicación teolóxica e científica da creación e orixe do mundo.
- Coñecer os principais acontecementos da historia de Israel situándoos nas súas coordenadas xeográficas, históricas, sociais e relixiosas.
- Establecer relacións entre feitos e manifestacións do Antigo Testamento con feitos e personaxes da historia de Israel.
- Comentar e identificar a natureza narrativa de diferentes pasaxes dos evanxeos.
- Expresar mediante un cadro sinóptico a finalidade da composición dos diferentes evanxeos.
- Coñecer e comprender que o proceso de formación dos evanxeos responde ás necesidades dos primeiros cristiáns de vivir o novo estilo de vida que implica seguir a Xesús.
- Valorar a argumentación rigurosa na exposición da fe na divindade de Xesús.
- Dar razón a través de textos do Novo Testamento dos rasgos da natureza divina e humana de Xesús.
- Construír esquemas nos que se formula a crenza en Xesús, verdadeiro Deus e verdadeiro home, explicar con claridade o seu contido.
- Distinguir no proxecto de vida do Reino de Deus de Xesús os rasgos da súa natureza divina e humana, confesados polas primeiras comunidades cristiáns.
- Enumerar, describir e relacionar algunhas personaxes ou acontecementos da historia cristiá cos diferentes aspectos da misión de Xesús.
- Comprender e identificar a presenza de Xesucristo hoxe na Igrexa nos diferentes símbolos, ritos e celebracións sacramentais.

- Respeitar os signos e expresións litúrxicas como mediadores na conciencia da relación das persoas e os grupos coa divinidad.
- Recoñecer nas oracións , símbolos e ritos das celebracións sacramentais, as crenzas na acción de Espírito Santo que da vida á Igrexa.
- Identificar a presenza de Xesucristo hoxe na liturxia da Igrexa.
- Interpretar con claridade o significado dos sacramentos do orde sacerdotal e unción como acción do Espírito Santo na vida da Igrexa.
- Recoñecer e dar razón das situacións da vida que se celebran nos sacramentos de curación e servizo.
- Construír esquemas nos que se formulen cales as características fundamentais da familia cristiá.
- Comprender que os valores do matrimonio son un modo de expresar a presenza dos valores de Xesucristo hoxe na Igrexa e na sociedade.
- Valorar, saber,comprender e expresar a achega do testimonio bíblico sobre a familia ó mundo actual.

2º CURSO ESO

- Relacionar a condición de criatura do ser humano ca súa orixe divina.
- Expresar opinións e xuízos acerca das diferencias descubertas entre o ser humano creado a imaxe e semellanza de Deus e os animais.
- Entender o sentido e a finalidade da acción humana como cooperación das persoas para construír un mundo conforme ó valor da misericordia e a consolación.
- Explicar a orixe e o sentido da dignidade do ser humano como criatura e Fillo de Deus.
- Xustificar as características da dignidade das persoas a partir dos textos dos evanxeos nos que se sustentan.
- Mostrar desexos de superación de si mesmo e das persoas da súa contorna.
- Mostrar curiosidade e interese por descubrir a evolución da crenza en Deus Trindade.
- Recoñecer a través dalgúns textos bíblicos básicos o carácter relacional da Divinidad na revelación de Xesús.
- Relacionar a fe na Trindade con distintas expresións artísticas que manifestan esa crenza.
- Vincular o sentido comunitario da Trindade ca dimensión relacional humana.

- Coñecer e definir a estrutura e organización dos libros da Biblia.
- Coñecer, valorar, respectar e practicar algúns dos criterios do Maxisterio da Igrexa en torno a interpretación bíblica.
- Recoñecer na inspiración a orixe da sacralidade do texto bíblico.
- Recoñecer e expresar con claridade que a Biblia revela a vontade de Deus de ofrecer esperanza e xustiza ó mundo.
- Coñecer, valorar, respectar e practicar os criterios do Maxisterio da Igrexa en torno a importancia da Biblia na vida da Igrexa.
- Realizar análises de textos sapienciais e poéticos, e expresar o seu contido relixioso.
- Xustificar a necesidade de coñecer o Antigo Testamento para comprender mellor o Novo.
- Coñecer, aceptar e sintetizar como Deus se revela na historia a partir do análise de algunhas narracións bíblicas.
- Mostrar interese e sintonía persoal coa experiencia de fe das persoas do Antigo Testamento.
- Comprender e valorar en textos do Antigo Testamento que a fe é a respostado home á iniciativa de Deus.
- Coñecer, aceptar e sintetizar como Deus se revela na historia dos primeiros seguidores de Xesús a partir da análise dalgunhas narracións do Novo Testamento.
- Mostrar interese e sintonía persoal coa experiencia de fe das persoas do Novo Testamento.
- Comprender e valorar nos textos do Novo Testamento que a fe é a resposta das persoas á iniciativa salvífica de Deus.
- Valorar e comprender a expansión do cristianismo a través das posibilidades e dificultades de testificar a fe nas primeiras comunidades cristiás.
- Descubrir o carácter histórico da formulación do Credo cristián.
- Valorar o esforzo dos primeiros cristiáns para formular o contido da fe nun Credo.
- Recoñecer con satisfacción e formular con precisión as verdade da fe cristiá afirmadas no Credo.
- Recoñecer, describir e xustificar que a Igrexa é unha e santa.
- Recoñecer, describir e xustificar que a Igrexa é católica apostólica.

- Recoñecer e identificar nas preguntas e inquietudes da súa vida o desexo de plenitude que ten a persoa.
- Valorar, comparar e expresar razoadamente as distintas respostas que o ser humano finito da á pregunta polo sentido da vida.
- Descubrir e valorar a argumentación da Biblia acerca de que o pecado radica no rexeitamento á intervención de Deus na propia vida.
- Utilizar técnicas do comentario literario de texto para distinguir o contido da verdade revelada do roupaxe literario no relato do Xénese.
- Descubrir que o perdón fortalece e reconstrúe o proxecto de vida de Deus sobre as persoas.
- Interese por descubrir os principios morais fundamentais do cristianismo e relacionalos coa práctica das primeiras comunidades cristiáns.
- Comprender que o encontro con Cristo e a pertenza á Igrexa conleva unha nova forma de comportarse na vida.
- Identificar e expresar con precisión e claridade os motivos de devoción a Xesús como Deus nas primeiras comunidades cristiáns.
- Recoñecer e apreciar que o encontro con Cristo cambia a forma de comprender a propia relixión, o mundo e a historia.
- Dar razón da maneira como as primeiras comunidades de cristiáns transformaron o seu proxecto persoal no proxecto do Reino de Deus.
- Mostrar curiosidade e aprecio pola experiencia das persoas que pertencen á Igrexa.
- Valorar e tomar conciencia do vínculo indisoluble entre o encontro das persoas con Cristo e a pertenza á Igrexa.
- Buscar argumentos na Escritura e no Maxisterio que expliquen as afirmacións acerca da natureza da Igrexa como Pobo de Deus e sacramento de Salvación e expresalos razoadamente.
- Tomar conciencia das distintas actividades que realiza a Igrexa na actualidade e fundamentar esta actuación a partires da Biblia.
- Expresar xuízos de valor sobre as accións litúrxicas e sacramentais da Igrexa: Eucaristía, oración, piedade popular....
- Valorar o papel que desempeña a xerarquía da Igrexa na organización e dinamismo das comunidades cristiáns.
- Comprender e identificar a presenza de Xesucristo na Igrexa nos diferentes símbolos, ritos e celebracións sacramentais.
- Respectar os signos e expresións litúrxicas como mediadores na conciencia da relación das persoas e os grupos coa divindade.

- Recoñecer nas oracións, símbolos e ritos das celebracións sacramentais, as crenzas na acción do Espírito Santo que da vida á Igrexa.
- Identificar os feitos da historia cristiá e as narracións bíblicas presentes nas obras de arte da cultura cristiá grecolatina.
- Determinar e narrar os principais feitos históricos da expansión do cristianismo allende o Imperio Romano na relación coa vivencia da fe.
- Valorar criticamente o acontecemento da oficialización da relixión cristiá á luz da experiencia de plenitude que promete Cristo.
- Relacionar algunhas institucións actuais da Igrexa cas orixes do monacato.
- Situar nas súas coordenadas históricas , xeográficas e culturais a relación das igrexas cristiáns ca relixión musulmá.
- Determinar e narrar os principais feitos históricos dos cambios producidos nas igrexas cristiás ó final da Idade Media.
- Valorar criticamente a achega ó cristianismo dalgunhas personaxes relevantes da época á luz da experiencia de plenitude que promete Cristo.
- Apreciar e disfrutar da riqueza e beleza que xera a fe nas obras da arte románica e gótica.
- Identificar as crenzas e o sentimento relixioso expresado polos autores das obras de arte da cultura cristiá medieval.

4º CURSO ESO

- Formular con claridade os intentos dos diversos ateísmos de dar resposta á busca de sentido dos seres humanos.
- Valorar e expoñer criticamente en que consiste a salvación nos novos movementos relixiosos.
- Relacionar, comparar e distinguir as propostas anteriores do testimonio do cristianismo e as relixións acerca da intervención salvadora de Deus na historia.
- Sintetizar o significado da fidelidade e a misericordia de Deus a partir das palabras empregadas nos diversos libros da Biblia.
- Recoñecer e valorar en relatos Competencia dixital do Antigo e Novo Testamento as accións de Deus fel o longo da historia.
- Referirse con propiedade e exactitude á orixe e sentido da esperanza mesiánica nos libros da Biblia.
- Comparar e apreciar a evolución e a novidade na promesa mesiánica entre o dito a propósito do rei David e as referencias ó Mesías sufrinte e o Mesías político.
- Fundamentar a novidade na esperanza mesiánica na crenza que Mesías é Xesús.

- Descubrir e fundamentar nalgúns textos do Novo Testamento a iniciativa de Cristo para formar unha comunidade en misión que orixina a Igrexa.
- Coñecer, apreciar e xustificar a invitación de Xesús a colaborar na súa misión “ata o fin dos tempos”(Mt 28,20) e “ata o confín da terra”(Hch1,8).
- Relacionar persoas e institucións eclesiais contemporáneas que actualizan a misión encargada por Xesús á Igrexa primitiva.
- Determinar e narrar os principais feitos históricos da vida da Igrexa durante o tempo do Renacemento e do comezo da Idade Moderna.
- Descubrir e formular opinións sobre a forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa durante o Renacemento e a Idade Moderna.
- Recoñecer e argumentar cando e en que circunstancias a autoridade das Igrexas católica e protestantes exerceu como servizo da verdade que Cristo xera.
- Describir feitos e personaxes significativos no esforzo de resolver as tensións orixinadas polas crises da Igrexa e a reforma protestante.
- Sintetizar o significado da fidelidade e a misericordia de Deus a partir das palabras empregadas nos diversos libros da Biblia.
- Recoñecer e valorar nos relatos do Antigo Testamento as accións de Deus fel ao longo da historia.
- Describir os acontecementos históricos máis destacados dos séculos XIX e XX.
- Valorar como a experiencia de seguimento de Cristo xera unha forma nova de usar a razón e a liberdade para defender a xustiza e a paza no mundo.
- Describir o modo de exercer a autoridade na Igrexa dende o diálogo e ó servizo da verdade.
- Mostrar interese e curiosidade por coñecer os principios da moral cristiá e as súas aplicacións concretas nas situacións particulares da sociedade do século XIX e XX.
- Relacionar a misión do cristián coas propostas morais contidas nas encíclicas sociais máis destacadas da Igrexa en orde a construción do reinado de Deus no mundo.
- Manifestar desexos de seguir mellorando a resposta da Igrexa á mellora das persoas e as sociedades do mundo actual.
- Fundamentar as propostas alternativas eclesiais e morais da Igrexa do futuro para continuar ca misión do cristián ca construción do reinado de Deus no mundo.

13) ALUMNOS PENDENTES

ESO:

A este alumnado faráselle un seguimento exhaustivo. Dividirase a materia en tres partes. Daráselles boletíns de exercicios que regularmente irán entregando ao profesor para a súa corrección e ós que fará as observacións pertinentes.

Os boletíns correspondentes a cada curso son os exercicios extraídos do libro de texto de cada curso, os temas xunto cos contidos están especificados na programación feita para este curso 2017-2018.

Estes alumnos poderán examinarse de todas as probas que se fagan durante o curso programadas para eles polo Departamento, que serán da seguinte maneira:

Terán tres exames durante o curso, que non coincidirán coas avaliacións para non interferir cos exames propios do curso no que están. O alumno tamén poderá optar por facer tres traballos escritos, correspondentes ás tres partes na que se divide a materia:

- 1ª parte: temas 1-3
- 2ª parte: temas 4-6
- 3ª parte: temas 7-9

14) PLAN DE CONVIVENCIA:

O principio básico do que se parte é a **dignidade do ser humano**, como fillo de Deus polo que se deben respectar os principios e valores universais. Débense afrontar as situacións de conflito mediante o diálogo, o perdón e a misericordia, que son valores xenuinamente cristiáns. Dende a ensinanza relixiosa, propónse unha reflexión e análise crítica dos valores democráticos e da cidadanía que a súa raíz son os principios fundamentais do Evanxeo e da Doutrina Social da Igrexa: a fraternidade, a xustiza, a misericordia, o perdón, a entrega de si mesmo e a entrega total a favor dos desfavorecidos. Por outra parte, o cristián entende a natureza como Creación de Deus, polo que a valora, a coida e a fomenta. Segundo isto, o

alumnado deberá:

- Asistir a clase co material necesario.
- Chegar con puntualidade.
- Seguir as orientacións do profesorado e do persoal non docente no exercicio das súas funcións.
- Tratar con respecto e consideración a todos os membros da comunidade educativa.
- Estudar con aproveitamento , así como respectar o dereito ao estudo dos demais.
- Respectar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas de todos.
- Non discriminar ningún membro da comunidade escolar por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Coidar e utilizar correctamente os bens e instalacións do centro.
- Respectar as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
- Participar na vida e funcionamento do centro.
- Non realizar actividades prexudiciais para a saúde nin incitar a elas.
- Aprender habilidades pacíficas e non violentas na resolución de conflitos.

15) ACTIVIDADES EXTRESCOLARES:

- Visita aos **Beléns de Begonte e Betanzos** xusto antes das vacacións de Nadal (primeiro trimestre). Actividade dirixida ao alumnado de **1º e 2º curso de ESO**.
- Visita a **Catedral de Santiago e cubertas da catedral, museo de Terra Santa ou das Peregrinacións , ou se é posible, facer un itinerario de Arte, cultura e relixión en Compostela**. Actividade dirixida ao alumnado de **3º e 4º curso de ESO** no segundo ou terceiro trimestre.

De non poder levarse a cabo estas actividades, realizarase unha saída que podería consistir en algunha das seguintes actividades:

A concretar:

- ❖ Visita a algún mosteiro en Galicia.
- ❖ Visita a calquera das exposicións temporais que poidan xurdir durante o curso e que sexan de interese de cara a materia.
- ❖ Visita a outra Diocese galega.

16) AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Co fin de mellorar o desenvolvemento docente, o Departamento considerou a inclusión da autoavaliación da programación, como medio de reorientar e optimizar o traballo na aula. A finais de curso realizarase a avaliación final de esta programación de área por medio da avaliación das programacións didácticas de aula, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do curso. Esta avaliación será realizada pola profesora, que anotará as súas observacións nun impreso que recolla todos os apartados da mesma tendo en conta a recepción e a consideración do proceso-aprendizaxe como un proceso de retroalimentación mutua.

REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN

Materia		Departamento	
Profesor/a			

Apartado 1: Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica.

CRITERIOS	OBSERVACIÓNS	Cumprimento	
		Par.	Tot.
OBXECTIVOS			
UNIDADES			

Motivo modificacións	Comentarios.
TEMPO	
RECURSOS	
METODOLOXÍA	
OUTROS	

Apartado 2: Análise provisional dos resultados da avaliación de xuño.

Resultados totais do alumnado				
Matriculados (descontando baixas)	Asistentes	Perda avaliación continua	Aprobados	
			Nº total	% (asistentes)

Análise dos resultados	
-------------------------------	--

Resultado das medidas de atención á diversidade	
--	--

Apartado 3º: Propostas de revisión.

Da programación didáctica	
----------------------------------	--

Do Proxecto Curricular	
-------------------------------	--

Apartado 4º: Necesidades para o vindeiro curso.

Solicitar á dirección	
------------------------------	--

Proposta de novos obxectivos	
-------------------------------------	--

Criterios novos para a confección de horarios	
--	--

Xanceda, a __ de _____ de 20__
O/A Profesor/a

Asdo.: _____

Esta programación está suxeita a cambios, en función do nivel e interese do alumnado. Este seminario, está interesado en que o seu alumnado adquira unha formación relixiosa axeitada ás súas necesidades.

Compoñentes do Seminario:

M^a José Maroño Otero

Asdo:

Xanceda, 22 de Setembro de 2017

ANEXO Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O Departamento de Relixión decidiu agardar ao inicio das aulas para concretar os % da avaliación do alumnado matriculado na materia. O motivo é realizar o contrato de ensino-aprendizaxe en colaboración cos alumnos e alumnas. Este criterio didáctico favorece unha mellor implicación do alumnado na súa propia formación.

Así, en **ESO**:

- Probas escritas obxectivas 50%
- Interacción ca profesora 10%

- Interacción cos compañeiro/as 10%

- Actitude cara á materia:
 1. Comportamento e actitude 10%
 2. Participación na aula 10%
 3. Traballos voluntarios 10%

En **xuño**, terán a posibilidade de aprobar a materia si superan un exame final de toda a asignatura (aqueles alumno/as que non o fixeron).

Na convocatoria extraordinaria de **setembro**, terase unicamente en conta a nota do exame. Esta será o resultado da suma das puntuacións dadas a cada exercicio. Será un exame no que entren cuestións e preguntas sobre a materia impartida durante o curso académico. Este criterio aplicarase como ata o de agora a todos os cursos de ESO. No caso suposto de que algún alumno/a sexa sorprendido copiando nas súas múltiples formas, a nota será dun cero, e inmediatamente a familia será informada.

